

## DESPEDIDA AO ALUMNADO DO CURSO 2012-2013

SINTO QUE VOS TOQUE VIVIR ESTES TEMPOS QUE CADA VEZ ME FAN LEMBRAR MÁIS TODOS AQUELES NEGROS ANOS DE FASCISMO, INXUSTIZA, MOITO MEDO E MOITO COVARDE SILENCIO. LEMBRÁDE: VIVIDES NUN ESTADO DEMOCRÁTICO DE DEREITO, AÍNDA QUE ENTENDO QUE NON VOLO PAREZA. OS SANGUES AÍNDA SEMELLAN TER CORES: AS CORES DOS CARTOS, DAS POSESIÓNS E O CONSUMISMO ESTÚPIDO, DO PODER CORRUPTO, EN FIN, XA SABEDES, DA FALTA DE SENSIBILIDADE.

O QUE TEIMEI DURANTE ESTE CURSO, O QUE APRENDÍN DESPOIS DE 50 ANOS: QUERÉDEVOS MOITO, PERO NUNCA VOS AUTOENGANEDES. PROCURADE SER HUMILDES, SOBRE TODO NA EXCELENCIA. NON VOS FAGADES NIN FAGADES DANO, A NON SER QUE SEXA EN LEXÍTIMA DEFENSA. QUEREDE E TRATADE BEN Á XENTE QUE VOS QUERE E VOS TRATA CON RESPECTO. E VÓS, LEVADE O RESPECTO E A XUSTIZA COMO BANDEIRA. ESTA VIDA É DURA, PERO É ÚNICA E MARABILLOSA. PROCURADE TER CONCIENCIA PERSOAL E QUE ELA SEXA O VOSO FARO, A VOSA GUÍA. TRABALLADE, PORQUE NO ESFORZO DIARIO ACABA ESTANDO A VITORIA FRONTE A ESTA ETERNA BATALLA. PROCURADE NON OFENDER E, CANDO O FAGADES, PORQUE ASÍ SOMOS ALGÚNS HUMANOS, PEDIDE PERDÓN DE CORAZÓN E LEMBRÁDE QUE AO MELLOR XA NON O MERECEDES. O PERDÓN É UN REGALO CANDO TE EQUIVOCAS SEN MALDADE. A MALDADE EXISTE. AFASTÁDEVOS DELA. A TRAIZÓN EXISTE, ESTADE ALERTA, MAIS NON DEIXEDES DE CONFIAR NO SER HUMANO. TOD@S VÓS, OU OS VOS@S FILL@S, OU NET@S, -NON SEI CÁNTO HABERÁ QUE ESPERAR-, TOD@AS VÓS SODES A NOSA "PEQUENA ESPERANZA", QUE DIRÍA MARCUSE, LEMBRÁDES OS DE PRIMEIRO: "SEXAMOS REALISTAS, PIDAMOS O IMPOSIBLE"... A NOSA XERACIÓN "TRAGOU" E FRACASOU NO SEU SOÑO DE CAMBIAR ESTE PAÍS E ESTE MUNDO; SI, ALGO CONSEGUIMOS, CREO QUE SE CHAMA DEMOCRACIA, ALGO QUE SE ESVAECE CADA VEZ MÁIS ENTRE AS NOSA MANS, DIANTE DOS NOSOS OLLOS ESTUPEFACTOS. NON VOS PIDO QUE CAMBIEDES O MUNDO. PERO CANDO MENOS, NON ACEPTÉDES A INMUNDICIA DESTE SAPIENS SAPIENS SEN PEGAR UN DÍA, UN SEGUNDO, XA NON PIDO MÁIS, UN BERRO QUE SE ESCOITE EN TODO O VOSO PEQUENO E INFINITO MUNDO. MIGALLA A MIGALLA, PASO A PASO, AO MELLOR, ALGÚN DÍA, SOÑADE COMIGO, ALGÚN DÍA CONSEGUIREMOS VIVIR NUN MUNDO DIGNO DE SER VIVIDO.

MOITA SORTE E MOITAS GRAZAS POR TODO O QUE ME DESTES, VÓS E TOD@S AQUELES ALUMNOS E ALUMNAS QUE PASARON POR ESTE INSTITUTO QUE PROCUREI ENCHER DE VIDA, SACRIFICIO E AMOR POLA SABEDORÍA, POLA SABEDORÍA QUE DÁ NOTAS E TÍTULOS, CLARO QUE SI, PERO, SOBRE TODO, POLA SABEDORÍA QUE DÁ COHERENCIA E INTEGRIDADE. GRAZAS, DE CORAZÓN, RECIBÍN DE MOIT@S DE VÓS CEN MIL VECES MÁIS DO QUE NUNCA TERÍA IMAXINADO, DE SEGURO, CEN MIL VECES MÁIS DO QUE MEREZO.

ESFORZO, RESPECTO, AMOR, SENSIBILIDADE, BÁGOAS E LEDICIAS. TODO NA SÚA XUSTA MEDIDA. O CÓCTEL QUE ME GUSTARÍA PODER COMPARTIR CANDO CHEGUE O MEU DERRADEIRO DÍA. Á VOSA SAÚDE, COMPAÑEIR@S.

Manuel Seixas, xuño 2013, dende a illa do milagre.